



Declaración institucional en defensa da universidade pública

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña, reunido en sesión ordinaria o 28 de maio de 2025, acordou aprobar a seguinte declaración institucional:

1. A universidade pública ten como misión a formación dunha cidadanía crítica e comprometida cos valores democráticos e cos dereitos humanos. A liberdade, o pluralismo, a igualdade e a xustiza social son piares fundamentais das sociedades democráticas que as universidades públicas encarnan, promoven e protexen.
2. A universidade pública constitúe un instrumento fundamental de cohesión social, garante da igualdade de oportunidades no acceso á educación superior e vehículo primordial para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia.
3. O sistema universitario público require dunha aposta decidida de todos os poderes públicos para garantir a calidade educativa, a excelencia investigadora e a transferencia de coñecemento á sociedade. Para iso, é preciso asegurar o financiamento adecuado das súas necesidades estruturais.
4. A creación dunha nova universidade debería responder unicamente a criterios académicos, sociais e estratéxicos e realizarse no marco dunha planificación acordada que garanta o mantemento da calidade, da cohesión e da sustentabilidade do propio sistema universitario, e que evite duplicidades innecesarias na oferta académica.
5. As administracións competentes deben articular mecanismos rigorosos e transparentes que garantan que calquera proposta de creación dunha universidade privada só poida ser aprobada se responde ás necesidades dunha educación superior ao servizo do interese público e aos mesmos principios de rigor académico esixidos ás universidades públicas.
6. Neste contexto, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña manifesta o seu rexeitamento á creación dunha nova universidade privada en Galicia, por considerar que non responde ás necesidades do Sistema Universitario Galego nin aos principios de planificación e interese público que deben rexer a educación superior.

Diligencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 28/05/2025
A secretaria xeral